

ANUNCIO

ACTA TRIBUNAL CALIFICADOR PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUN/HA AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL (ANO 2017) DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Na Casa do Concello de Soutomaior sendo as nove horas e quince minutos do día 7 de xullo de 2017, reúnense os membros do Tribunal calificador para a contratación, laboral temporal dunha praza de Auxiliar de Policía Local do Concello de Soutomaior.

PRESIDENTA.-

D^a. Elena Reboredo Fernández, Adxunta a Secretaria-Intervención do Concello.

VOGAIS.-

D. Fernando Alfaya Paz, Policía Local do Concello de Redondela.

D. Jose M^a Acuña Martínez, Policía Local do Concello.

D^a Raquel Villaverde Acuña, Coordinadora deportiva do Concello.

SECRETARIA.-

D^a Margarita Mariño Pérez, Secretaria-Interventora do Concello.

De acordo coas Bases da convocatoria e a Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2017, e sendo as nove e trinta horas, procédese á identificación dos/as aspirantes admitidos/as presentes no Campo de Fútbol de Candán

- DANIEL REFOJOS CIJES
- IVÁN CONDE MARTÍNEZ
- SERGIO GÓMEZ MIRANDA
- JESÚS ÁLVAREZ RODRÍGUEZ

MARÍA NOVEGIL AROSA, JOSÉ MANUEL GÓMEZ RIVERA, PABLO NAVEIRO RENDO E MARCOS CENDÓN DOMÍNGUEZ, que presentaron solicitude para participar no proceso selectivo, non se presentaron para a realización das probas.

1) Comprobación da estatura e probas de aptitude física

Sendo as 09:30 horas realízase no Campo de Fútbol de Candán a comprobación da estatura dos aspirantes, do que resulta que todos posúen a altura mínima requirida. De seguido, realízase a 1^a proba física (potencia tren inferior: salto vertical).

A continuación os/as aspirantes realizarán da 2^a proba física (resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos).

Rematadas as probas declárase aptos/as todos os/as aspirantes presentados.

2) Proba coñecementos

De acordo co establecido na Base nº 7.2 das aprobadas esta proba calificase de 0 a 10 puntos, **sendo preciso acadar 5 puntos como mínimo**, para non quedar eliminado/a.

Na Casa do Concello sendo as 11:30 horas os/as aspirantes proceden a realizar a proba escrita que consiste nun cuestionario de 50 preguntas tipo test. A calificación final do test realizado é a seguinte:

ASPIRANTES	RESULTADO CUESTIONARIO
IVÁN CONDE MARTÍNEZ	8,60
JESÚS ÁLVAREZ RODRÍGUEZ	8,40
SERGIO GÓMEZ MIRANDA	7,06
DANIEL REFOJOS CIJES	6,20

3) Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

Cualificarase de 0 a 3 puntos, **sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de 1,50 puntos para superala.**

A continuación realízase a seguinte proba consistente en: Localizar os lugares seguintes:

Rúa Cuncheiro, Cuartel da Garda Civil, Centro Saúde de Soutomaior, Estacionamento do Rial, Centro Multiusos, Farmacias, Oficina de Correos, Rúa Forneira, Rúa Pozovello, Designación da estrada que vai dende Arcade a Pazos de Borbén, CEIP Padín Truiteiro, Por qué rúas do Concello transcorre o Camiño de Santiago, Lugar de Aranza, Oficina de Turismo e Depósito de auga municipal de Arcade.

A puntuación obtida polos aspirantes é:

ASPIRANTES	RESULTADO COÑECEMENTO TERMO MUNICIPAL E TOPONIMIA LOCAL
IVÁN CONDE MARTÍNEZ	2,90
JESÚS ÁLVAREZ RODRÍGUEZ	2,50
DANIEL REFOJOS CIJES	1,50
SERGIO GÓMEZ MIRANDA	1,00 NON APTO

4) Coñecemento da lingua galega.

Os/as aspirantes acreditaron, con carácter previo e do xeito normativamente establecido, o coñecemento da lingua galega, polo que de acordo coa Base 9.4, se lles da por superada esta proba coa calificación de apto.

Deseguido, procédese á calificación final acadada polos aspirantes,



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

por orde de maior puntuación:

NOME E APELIDOS	CUESTIONARIO	COÑECEMENTO TERMO MUNICIPAL TOPONIMIA LOCAL	COÑECEMENTO GALEGO	TOTAL
IVÁN CONDE MARTÍNEZ	8,60	2,90	APTO	11,50
JESÚS ÁLVAREZ RODRÍGUEZ	8,40	2,50	APTO	10,90
DANIEL REFOJOS CIJES	6,20	1,50	APTO	7,70

Polo tanto, este Tribunal calificador eleva á Alcaldía proposta de contratación a **D. Iván Conde Martínez** para a praza de auxiliar de Policía Local, por ser o aspirante que obtivo a maior puntuación.

LISTA RESERVA (por orde de maior puntuación)

1º.- JESÚS ÁLVAREZ RODRÍGUEZ

2º.- DANIEL REFOJOS CIJES

O que se fai público para xeral coñecemento, podendo os/as interesados/as presenta-las reclamacións que consideren pertinente **no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do día 10 de xullo de 2017.**

Soutomaior, 7 de xullo de 2017.

O ALCALDE,

Documento asinado dixitalmente á marxe.